

Comentarios de texto**DOC 1**

Señores deputados, aquí o partido republicano non reivindica a gloria que sería para el destruír a Monarquía. [...] Non, ninguén destruíu a Monarquía en España; ninguén a matou. Eu, que tanto contribuí a que este momento viñese, eu debo dicir que non sinto na miña conciencia, non, o mérito de concluír coa Monarquía.

Señores, con Fernando VII morreu a Monarquía tradicional; coa fuga de dona Isabel II, a Monarquía parlamentaria; coa renuncia de don Amadeo de Savoia, a Monarquía democrática; ninguén acabou con ela; morreu por si mesma



[Discurso de Castelar antes da proclamación da I República Española]

DOC 2

S.M. a Raíña nai, como dixen, interveu persoal e directamente no manifesto de Sandhurst, e aquel manifesto declarou expresamente que a augusta dinastía expatriada non recoñecía como vixente a Constitución do 45, abolida polos feitos, nin a Constitución do 69, fundada polos feitos, e que os feitos mesmos destruíran.

Non hai, pois, niso máis nada ca un compromiso da dinastía; da augusta persoa que cedeu o Trono [...], e do mesmo Rei don Alfonso XII, aínda que ambas as declaracións se fixeron baixo a miña responsabilidade, a cal acepto e recollo completamente. Esas declaracións consistían en que esa augusta dinastía [...] viña a España sen ningunha Constitución escrita



[Discurso pronunciado no Congreso por Antonio Cánovas del Castillo, 11 de marzo de 1876]

DOC 3

Consecuencia deste sistema é o caciquismo, isto é, o entronizamento de certos individuos nas localidades, os cales, como instrumento do deputado, son donos dos resortes administrativos.

O cacique dá e quita míseros empregos dos que gozan os máis pobres da vila; seus son o carteiro e o peón camiñeiro.

O cacique é quen ao facer a repartición da contribución carga a man ao adversario, aliviando o amigo, do que se orixinan porradas e mesmo puñaladas

[Benito Pérez Galdós, Política española
-antoloxía de artigos- 1885]

